| Curso académico | 2009/2010 |
|---|---|

| Materia | | |
|---|---|---|
| Psicoloxía da Educación | | |
| **Curso** | **Ciclo** | **Profesor/a responsable do programa** |
| 1º, 2º e 3º | 1º | Juan Carlos Brenlla Blanco |
| **Titulación** | | |
| Educación Social | | |

| Carácter | Duración (A; 1C; 2C) | Idiomas en que se imparte |
|---|---|---|
| Optativa | 2C | Galego |

A= Anual; 1C= primer cuadrimestre; 2C= segundo cuadrimestre

## PROGRAMA XERAL DA MATERIA

### Obxectivos

Analizar o coñecemento científico aportado dende a psicoloxía da educación ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado da súa participación en situacións educativas.

Analizar as principais teorías, concepcións e tipos de aprendizaxe e as súas implicacións educativas.

Analizar as variábeis máis relevantes intrapersoais ou propias do alumnado e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.

Analizar algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza relacional ou contextual e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.

Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito do traballo en equipo.

Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios.

### Contidos (Temario)

Tema 1: Introdución á Psicoloxía da Educación
1. Conceptos a ter en conta
2. A educación e o desenvolvemento
3. Os contidos da Psicoloxía da Educación

Tema 2: A aprendizaxe escolar dende a Psicoloxía da Educación
1. Principais enfoques
2. Enfoque condutista
3. Enfoque cognitivo
4. Categorías e tipos de aprendizaxe escolar

Tema 3: Factores intrapersoais implicados na aprendizaxe escolar
1. Variábeis cognitivas
2. Variábeis motivacionais
   - 2.1. Motivación
   - 2.2. Metas académicas
   - 2.3. O autoconcepto
   - 2.4. Atribucións causais

Tema 4: Factores interpersoais e contextuais que inciden na aprendizaxe escolar
1. A interacción profesorado-alumnado
2. As expectativas na educación
3. Interaccións entre o alumnado

### Metodoloxía Didáctica

Tentarase de organizar as clases pensando máis nun modelo de crédito ECTS. Así teremos

| **Metodoloxía Didáctica** |
|---|
| dous tipos de clases presenciais:<br><br>**Sesións expositivas:** basearanse na exposición maxistral para a transmisión de coñecementos teóricos.<br><br>**Sesións interactivas:** traballarase en pequeno grupo ou individualmente os contidos tratados nas sesións expositivas.<br><br>Adicaranse dúas sesions seguidas a modalidade expositiva, e a continuación dúas sesións interactivas. |

| **Sistema de Avaliación** |
|---|
| Teranse en conta dous tipos de avaliación en función da asistencia do alumnado<br><br>**Opción A. Alumnado que asiste e participa na clase (> 85%):**<br><br>Nas sesións interactivas realizaranse unha serie de tarefas a nivel grupal e individual que constitúen o 50% da nota final.<br><br>O 50% restante da nota final obterase cun exame de tipo test de trinta preguntas con tres opcións da que só unha é correcta. As preguntas mal restarán na proporción de dúas mal restan unha ben.<br><br>A nota final é a suma das dúas notas anteriores. Para poder facer a suma tense que ter superada as dúas partes<br><br>**Opción B. Alumnado que non asiste a clase (< 85%):**<br><br>O 50% será co exame antes mencionado de tipo test de trinta preguntas con tres opcións da que só unha é correcta. As preguntas mal restarán na proporción de dúas mal restan unha ben.<br><br>O 50% restante será cun exame de 10 preguntas a desenvolver<br><br>A nota final é a suma das dúas notas anteriores. Para poder facer a suma tense que ter superada as dúas partes |

| **Recursos** |
|---|
| **Bibliografía básica:** |
| Palacios, J.; Marchesi, A. y Coll, C (2009): *Desarrollo psicológico y Educación. II. Psicología de la educación escolar*. Madrid: Alianza Psicología. |
| **Bibliografía complementaria:** |
| González Pienda, J.A. e outros (Coords.) (2002): *Manual de psicología de la educación.* Madrid: Pirámide.<br><br>González Pienda, J.A. e outros (Coords.) (2002): *Psicología de la instrucción.* Barcelona: EUB.<br><br>Sampascual, G. (2004): *Psicología de la educación*. Madrid: UNED.<br><br>Sampascual, G. (2002): *Psicología del desarrollo y de la educaicón. Vol. II: Psicología de la educación*. Madrid: UNED. |
| **Recursos web:** |
| https://campusvirtual.udc.es/moodle |